

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A IDENTIFICACIÓN E MARCAXE SELECTIVA DE LARVAS DE MEXILLÓN MEDIANTE ANTICORPOS MONOCLONAIS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cándido Rial Rodríguez, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que a Consellería do Mar formalizou o 15.11.2023 un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón mediante anticorpos monoclonais, por un período de vixencia que abrangue dende o 01/12/2023 ata o 15/09/2026.

Que o instrumento convencional tiña por obxecto:

Establecer os termos e condición polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para a realización por parte do Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía da Universidade de Vigo do proxecto para o estudo de identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón mediante anticorpos monoclonais.

A Comisión de Seguimento, establecida na cláusula sexta do convenio, reúnese con data 15 de xullo de 2025 co obxecto de informar dos traballos realizados pola Universidade, e propoñer a modificación do convenio polas novas necesidades xurdidas na súa execución.

A Comisión de Seguimento acorda tramitar a Addenda de modificación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón mediante anticorpos monoclonais, para ampliar o prazo de realización de gastos e pagos, así como o importe do material funxible correspondentes á 3ª anualidade, motivado pola renovación imprevista do material empregado para as mostras.

Que a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo consideran esencial o establecemento de accións conxuntas de carácter colaborativo, compartindo os riscos e obxectivos que permitan realizar os traballos reflectidos no Anexo I no marco do proxecto para realizar investigacións referentes a identificación de larvas de mexillón con anticorpos monoclonais desenvolvidos no laboratorio do departamento de bioquímica-xenética e inmunoloxía da Universidade de Vigo.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

